

## Despois da presentación dun recurso polos servizos xurídicos da CIG-Ensino **Un xulgado reconece o dereito do persoal interino a percibir trienios con carácter retroactivo á entrada en vigor do Estatuto Básico do Empregado Público.**

Un xulgado vén de reconecer o dereito a que un mestre interino poda percibir o cobro dos trienios con anterioridade á publicación do EBEP. Esta Lei, que entrou en vigor o 13 de maio de 2007 reconecía, por vez primeira, o dereito ao cobro da antigüidade a todo o funcionariado interino, mais facíao só con efectos desde a súa entrada en vigor. E isto despois da modificación legal froito dunha emenda introducida polo BNG, a instancia da CIG, no debate da Lei nas Cortes do Estado, xa que o texto inicial presentado polo goberno central seguía a excluír ao persoal interino do cobro da antigüidade.

Agora un xulgado vén de respaldar cunha sentenza rotunda a campaña iniciada pola CIG-Ensino para solicitar á Consellaría de Educación que o pago dos trienios se fixese con carácter retroactivo á pro-

pia entrada en vigor do EBEP, xa que como se entendía desde o sindicato, o contrario sería un feito discriminatorio, ao negarlle a calquera persoa con servizos prestados como interino o dereito a reclamar os cinco anos anteriores, que é o prazo de prescrición das débedas da Administración galega conforme á Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galiza.

A sentenza céntrase na argumentación presentada polos servizos xurídicos da CIG-Ensino, baseándose en diversas sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, que facía mención ao principio de non-discriminación aos traballadores e traballadoras temporais en relación con aqueles que teñen un vínculo de duración indefinida. A base legal para aquela sentenza do Alto Tribunal europeo partía do Acordo marco sobre o traballo

de duración determinada (que figura como anexo da Directiva 1999/70/CE do Consello, de 28 de xuño de 1999).

Esta sentenza supón, como é lóxico, un fundamento xurídico moi importante para que desde a CIG-Ensino lle demandemos á Consellaría de Educación que dea marcha atrás nas súas respostas desestimatorias aos numerosos recursos presentados a través dos servizos xurídicos da CIG-Ensino, e reconeza con carácter global o dereito a percibir os trienios con carácter retroactivo a todo o persoal que tiña servizos prestados como interino con anterioridade ao 13 de maio de 2007.

En calquera caso, a CIG-Ensino seguirá adiante, mentres a Consellaría non rectifique, con todos os frontes xudiciais abertos.

Se aínda non comezaches o proceso, ou queres informarte dos pasos a seguir, acércate a calquera dos nosos locais

### Os nosos locais

#### Santiago (Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.  
15706. Santiago de Compostela  
Tlf. 981576800 Fax. 981575839  
galiza@cig-ensino.com  
santiago@cig-ensino.com

#### A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n  
Tlf. 981169810 Fax. 981291735  
15007. A Coruña  
acorunha@cig-ensino.com

#### Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo  
36780. A Guarda  
Tlf. 986610465 Fax. 986610465  
baixominho@cig-ensino.com

#### Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1  
36947. Cangas  
Tlf. 986302987 Fax. 986302987  
morrazo@cig-ensino.com

#### Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,  
15403. Ferrol  
Tlf. 981358750 Fax. 981358760  
ferrol@cig-ensino.com

#### Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.  
27003. Lugo  
Tlf. 982245023 Fax. 982253891  
e-mail: lugo@cig-ensino.com

#### Ourense

P. de San Lázaro 12, 4ºD  
32003. Ourense  
Tlf. 988238350 Fax. 988222855  
ourense@cig-ensino.com

#### Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.  
36002. Pontevedra  
Tlf. 986861513 Fax. 986855050  
pontevedra@cig-ensino.com

#### A Mariña

27700. Ribadeo  
Avda de Galicia 20, 1º  
Tlf. 982129593 Fax. 982129593  
amarinha@cig-ensino.com

#### Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º  
32600. Verín  
Tlf. 988412345 Fax. 988411013  
verin@cig-ensino.com

#### Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.  
36205. Vigo  
Tlf. 986827935 Fax. 986262844  
vigo@cig-ensino.com

#### Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600. Vilagarcía  
Tlf. 986505323 Fax. 986505323  
salnes@cig-ensino.com